



AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 1 de febreiro de 2019, pola que se pon fin ao proceso de selección para a cobertura da praza de titulado/a superior, xestor de proxecto, para a Axencia Galega de Innovación (proxecto IMPACT_RIS3T_1_E).

Convocado o o proceso para a cobertura dunha praza de titulado/a superior, xestor/a de proxectos mediante Resolución de 12 de abril de 2018 (DOG. Núm. 82, do 27 de abril), de conformidade co artigo 6 e seguintes das bases da convocatoria e no artigo 76 da Lei 16/2010, de 17 de decembro

DISPOÑO:

Primeiro. De acordo co establecido nos artigos 6.2 e 6.3 das bases da convocatoria, seleccionar a D. Francisco Pichel Contra (*711N) para a cobertura dunha praza de titulado/a superior, xestor/a de proxectos.

Segundo. Autorizar, para o desempeño do posto de traballo de referencia, a contratación de D. Francisco Pichel Contra (*711N).

O candidato seleccionado deberá presentar no prazo de cinco (5) días hábiles, desde que se faga pública esta resolución a documentación que se relaciona no punto 6.3 das bases da convocatoria. De non presentar a documentación requirida no prazo establecido, ou se presentase a súa renuncia á contratación resultará automaticamente seleccionado/a o/a aspirante segundo/a da orde prelación da lista, que deberá presentar, no prazo requirido a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Procederase desta forma, en caso de falta de documentación en prazo ou renuncia, ata que un/unha candidato/a a presente validamente.





Terceiro. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición, ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argente Vilar

